

Cooperativismo e Economía Social, nº 35 (2012-2013), pp. 137-142

COOPERATIVA DE VIVENDAS. BAIXA VOLUNTARIA NON XUSTIFICADA

Isabel SÁNCHEZ CABANELAS

O obxecto deste comentario é a sentenza da Sección 4^a da Audiencia Provincial de Coruña 508/2012, do 14 de decembro, no recurso de apelación número 118/2012, interposto por D. JACOBO (cooperativista da cooperativa de vivenda “A MUIÑA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA”), contra a sentenza dictada polo Xuzgado do Mercantil número 2 de A Coruña, de data 18 de maio de 2011, nos autos número 392/10, sobre reclamación de cantidade, sendo recurrida “A MUIÑA S. COOP. GALEGA”.

1.- ANTECEDENTES

A sentenza obxecto de estudo trae a súa causa nos seguintes antecedentes:

1.- O 12 de setembro do 2005, D. JACOBO solicita o ingreso como socio na cooperativa de vivendas “A MUIÑA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA”.

2.- Na súa condición de socio achega 300 euros ao capital social e 100 euros como cuota de ingreso.

3.- O 25 de setembro do 2007, fai entrega de 40.125 euros en concepto de cantidade para financiar o pago da vivenda.

4.- O 15 de febreiro do 2008, previa solicitude, “A MUIÑA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA” acorda a baixa de D. JACOBO. O acordo de baixa califica a mesma como baixa voluntaria non xustificada e establece un prazo máximo de cinco anos para a devolución das achegas efectuadas polo socio conforme ao artigo 64 da Lei de Cooperativas de Galicia.

5.- D. JACOBO entende que o acordo de baixa aplica inadecuadamente o artigo 64 da Lei de Cooperativas de Galicia debendo aplicar o 121.2 da citada Lei. O artigo 121.2 establece un prazo máximo dun ano e non de cinco para a devolución das achegas.

6.- O 1 de xuño do 2010, o actor remite un burofax á Cooperativa, requirindo a devolución das achegas por entender que xa rematara o prazo legal para o seu reintegro.

7.- A Cooperativa non atende o requerimento e o 3 de novembro do 2010, D. JACOBO plantexa demanda de reclamación de cantidade. A cantidade reclamada se corresponde coas achegas feitas para financiar o pago da vivenda, menos as deducións aplicadas por baixa voluntaria non xustificada e sumados os xuros legais dende o requerimento do 1 de xuño do 2010.

8.- O 18 de maio do 2011, o Xuzgado do Mercantil nº2 da Coruña dicta sentenza desestimando a demanda formulada por D. JACOBO, contra A MUIÑA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA.

9.- En tempo e forma D.JACOBO presenta recurso de apelación contra a citada sentenza interesando a revocación da sentenza de instancia e a estimación da demanda formulada.

10.- O 14 de decembro do 2012, a Sección 4ª da Audiencia Provincial da Coruña falla estimando o recurso de apelación interposto por D. JACOBO, revocando a sentenza de instancia, a cal deixa sen efecto, e no seu lugar estima a demanda formulada por D. JACOBO contra “A MUIÑA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA”, a quen condena a abonar ao actor a cantidade de 36.915 euros, con aplicación do xuro legal dende o requerimento do 1 de xuño do 2010, incrementado en dous puntos por aplicación do artigo 576 da Lei de Axuizamento Civil, dende o dictado da resolución, con imposición das costas de instancia á demandada, e sen imposición de costas en alzada.

2.- CONCLUSIONES

A sentenza obxecto de recensión pon fin ao litixio que plantexan as partes sobre o prazo que ten a Cooperativa para a devolución das cantidades achegadas por D. JACOBO destinadas a financiar a vivenda, unha vez que causa baixa voluntaria non xustificada na cooperativa.

A Lei de Cooperativas de Galicia contempla no seu artigo 20 o dereito de todo cooperativista a darse de baixa voluntariamente da cooperativa da que sexa socio.

Artigo 20.1 “O socio poderá darse de baixa voluntariamente na cooperativa en calquera momento, mediante preaviso por escrito ao órgano de administración. O prazo de preaviso que fixarán os estatutos non poderá ser superior a un ano”.

Este dereito do socio de darse de baixa da cooperativa, non supón que a competencia para decidir sobre esa baixa recaia en cada socio, antes ben, aquel socio que decide darse de baixa na cooperativa ten que formalizar a súa solicitude de baixa ante o órgano de administración. O Consello Reitor é o órgano competente para acordar a baixa do socio.

Asemade, ese acordo de baixa adoptado polo Consello Reitor aceptando a solicitude de baixa, require a súa calificación como baixa xustificada ou baixa non xustificada.

O artigo 20 da Lei de Cooperativas de Galicia establece que a calificación da baixa será de “baixa xustificada”, nos supostos contemplados no parágrafo terceiro e en tódos os demais supostos previstos na lei ou nos estatutos.

Artigo 20.3 “Terán a consideración de xustificadas as baixas que teñan a súa orixe nas seguintes causas:

A adopción de acordos pola asemblea xeral que impliquen obrigas ou cargas gravemente onerosas, non previstas estatutariamente, se o socio salvase expresamente o seu voto ou, estando ausente, manifeste a súa desconformidade por escrito dirixido ao órgano de administración da cooperativa, no prazo de dous meses dende a adopción do acordo. En ambos os casos deberá formalizar a súa solicitude de baixa dentro do mes seguinte á data de realización da asemblea ou da presentación do devandito escrito.

En todos os demais supostos previstos nesta lei ou nos estatutos”.

Polo tanto, aqueles supostos de baixas que a lei non califica expresamente como baixas voluntarias xustificadas, entenderase que merecen a calificación de baixas voluntarias non xustificadas.

A calificación da baixa como xustificada ou non xustificada ten consecuencias económicas importantes para o socio que deixa a cooperativa, xa que soamente as baixas que merecen a calificación de baixas xustificadas non sofren deducións na devolución das achegas ao capital social.

No caso que nos ocupa, D. JACOBO causa baixa na cooperativa o 15 de febreiro do 2018 coa calificación de baixa voluntaria non xustificada.

As partes non cuestionan a calificación da baixa como baixa voluntaria non xustificada, a súa disputa fai referencia á aplicación dos artigos 64 e 121 da Lei de Cooperativas de Galicia.

“A MUIÑA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA” invoca o artigo 64 para dilatar ata cinco anos a devolución das cantidades entregadas por D. JACOBO en concepto de entrega para financiar o pago da vivenda.

Artigo 64 “Os estatutos regularán o dereito dos socios ao reembolso das súas achegas ao capital social no caso de baixa. A liquidación destas achegas farase segundo o balance de pechamento do exercicio no que se produza a baixa, podendo establecer deducións tan só sobre as achegas obrigatorias, que non serán superiores ó 30% no caso de expulsión, nin ó 20% no caso de baixa non xustificada. No caso de baixa xustificada, non procederá ningunha dedución. 4.- O prazo de reembolso non poderá exceder de cinco anos a partir da data da baixa. No caso de falecemento do socio, o reembolso deberá realizarse nun prazo non superior a un ano dende o feito causante.”

Pola contra, D. JACOBO sostén que o prazo de cinco anos contemplado no artigo 64 fai referencia ao reembolso das achegas ao capital social no caso de baixa, pero nada dí respecto ao reembolso das cantidades entregadas para financiar o pago da vivenda.

As cantidades entregadas para financiar o pago da vivenda son unha peculiaridade das cooperativas de vivenda e constiúen o obxecto deste litixio. No relativo a estas cantidades, entende D. JACOBO que temos que acudir ao artigo 121.2 da citada Lei.

Artigo 121.2 “No caso de baixa do socio, a cooperativa poderá reter o total das cantidades entregadas por el para financiar o pagamento de vivendas e locais ata que sexa substituído no seus dereitos e obrigas por outro socio. Os estatutos fixarán o prazo máximo de duración do dereito de retención, que non poderá ser superior a un ano.

Cando a baixa do socio fose considerada como non xustificada, se o prevén os estatutos, poderán aplicárselles ás cantidades entregadas por el para financiar o pagamento das vivendas e locais as deducións ás que se refire o artigo 64 desta lei, ata un máximo do 40% das porcentaxes que nel se establecen, destinándose na súa totalidade ao Fondo de Reserva Obligatorio.

As cantidades ás que se refire o parágrafo anterior, así como as achegas ao capital social, deberánse reembolsar ao socio no momento en que sexa substituído nos seus dereitos e obrigas por outro socio.”

Neste procedemento, D. JACOBO non reclama á Cooperativa os 300 euros que en concepto de capital social achegou no momento de adquirir a condición de socio. Asemade tampouco reclama os 100 euros que entregou como cuota de ingreso, o que reclama D. JACOBO é a cantidade entregada para financiar a vivenda, 40.125 euros, menos as deducións que sexan de aplicación ao causar baixa voluntaria non xustificada na Cooperativa, máis os intereses de demora. Sobre esta cantidade, de acordo coa Lei de Cooperativas de Galicia a A MUIÑA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, tiña un prazo dun ano e non de cinco anos para proceder ao reembolso.

Do tenor literal do artigo 121 - artigo que resulta aplicable por tratarse dunha cooperativa de vivenda e ser obxecto deste litixio a cantidade entregada polo socio para financiar a súa vivenda- se desprende que a remisión que fai ao artigo 64 é referida exclusivamente ás porcentaxes de deducións que se lle poden aplicar as cantidades entregadas para financiar a vivenda, pero non fai referencia algunha ao prazo para devolver tales cantidades, que está fixado no parágrafo segundo do citado artigo como prazo máximo dun ano.

Polo exposto, pódese afirmar que nas cooperativas de vivendas no caso da baixa dun socio temos que diferenciar á hora de devolver as achegas entre: achegas ao capital social e achegas para financiar a vivenda.

As achegas ao capital social poden reembolsarse, segundo o artigo 64 da Lei de Cooperativas de Galicia, nun prazo máximo de cinco anos. Pola contra, as cantidades entregadas polo socio nunha cooperativa de vivenda para financiar a mesma deberán reembolsarse, segundo o artigo 121 da citada Lei, nun prazo máximo dun ano desde que o socio causa baixa.

Por último, tanto as achegas ao capital social como as cantidades entregadas para financia-lo pagamento da vivenda deberán reembolsarse ao socio no momento en que sexa substituído nos seus dereitos e obrigas por outro socio.

Esta interpretación dos artigos 64 e 121 da Lei de Cooperativas de Galicia á a sostida na sentenza número 508/2012, de 14 de decembro dictada pola Sección 4ª da Audiencia Provincial da Coruña na que revoca a sentenza de instancia estimando a demanda formulada por D. JACOBO contra A MUIÑA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, a quen condena a abonar ao actor a cantidade de 36.195 euros, con aplicación do xuro legal dende o requeri-

mento de 1 de xuño do 2010, incrementado en dous puntos por aplicación do artigo 576 da lei de Axuizamento Civil, con imposición de costas de instancia á parte demandada.